

PROGRAMA DE ACTOS**DÍA DA CULTURA CHAIREGA****NO XV CABODANO DE MANUEL MARÍA**Concerto musical a cargo do grupo “**HABELAS HAINAS**”Entrega da placa de Socio de Honra do Iescha a **ALFONSO BLANCO TORRADO****Venres, 20 de setembro de 2019 - 20:30 H****NO AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

Como cada mes de setembro, e dende vai xa para quince anos, o Instituto de Estudos Chairegos-IESCHA, organiza un acto -incluído dentro do convenio suscrito coa **Deputación de Lugo**- que, coa denominación xenérica de **Día da Cultura Chairega**, pretende lembrar ao noso gran poeta **MANUEL MARÍA**, do que se cumpriron, o pasado día 8 de setembro, 15 anos do seu falecemento.

Dende a primeira edición, teñen pasado grupos e cantantes tan senlleiros como Milladoiro, A Quenlla, Vichelocrego, Xarín, Buxos Verdes, Uxía, Os D’Abaixo, A Banda de Música de Vilalba, A Coral Polifónica Vilalbese, A Banda da Loba, Os D’Abaixo; proxectado películas coma a do chairego Jorge Coira, “18 Comidas”; realizado recitais poéticos ou dramatizacións de obras de Manuel María; conferencias, mesas redondas, presentacións de libros, etc. Este ano 2019, o Iescha invita a todas as persoas interesadas a asistir ao acto de homenaxe que terá lugar o venres, día 20 de setembro de 2019, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal de Vilalba, con entrada totalmente libre e gratuíta.

O **PROGRAMA** deste ano está conformado da seguinte maneira:

-GRAN CONCERTO MUSICAL A CARGO DO GRUPO HABELAS HAINAS

-ENTREGA DA PLACA DE SOCIO DE HONRA DO IESCHA A ALFONSO BLANCO TORRADO

HABELAS HAINAS

Habelas Hainas nace en Compostela en 2010, tempo no que se cruzan os camiños destas catro músicas de raíz galegas, crebacabezas musical e persoal que se sente parte dunha tradición longa, viva e en permanente transformación, da que xorde a natural necesidade de se expresar, dende unha ollada feminista e social, explorando outras músicas, experimentando coa tradición e creando un son propio, fresco, enéxico e orixinal nunha intensa traxectoria como músicas ao vivo.

- Nominadas polo seu primeiro álbum *Livres e Loucas* aos Premios da Música Independente na categoría “Mellor Álbum en Galego”.

- Participan no proxecto “Músicas galegas ilustradas” (Laura Romero).

- Estrea do Videoclip “Murmuradoras” realizado por Antía Ameixeiras.

- Participan no proxecto “A música ibérica a gostar dela propia” dirixido por Tiago Pereira.



DISCOGRAFÍA

-*Livres e Loucas* (2017)

-*Irmandiñas. Músicas en pé de festa*. Habelas Hainas/Sacha na Horta/Oíma/The Teta's Van (2017).

MÚSICAS

Sandra Tamayo: acordeón, gaita, pandeiro cadrado... **Patricia Gamallo:** gaita, pandeiro cadrado, guitarra...

Arantza Alfaia: tamboril, caixón peruano,ferriños,derbuka... **Jara Ortiz:** voz, bombo, pandeireta, crócalos árabes...

Teñen participado en máis de trescentos concertos ao vivo ao longo de todo o país e noutras latitudes.

ALFONSO BLANCO TORRADO



xuventude.

Na Asemblea Xeral do Iescha do presente ano 2019, aprobouse por unanimidade outorgar o nomeamento de Socio de Honra do Iescha a **Alfonso Blanco Torrado**, polo seu inquebrantable compromiso na defensa da cultura galega en xeral e chairega en particular; polo seu desinteresado traballo a prol da convivencia veciñal e da xustiza social; pola súa participación na organización de innumerables eventos de carácter literario, musical, artístico, así como pola súa entrega e axuda aos demais, especialmente á

ALFONSO BLANCO TORRADO.- Crego, mestre, dinamizador cultural, escritor, conferenciante.

Naceu o 15 de marzo de 1950 en Montevideo.

Realizou estudos eclesiásticos en Santiago e na Universidade Pontificia de Salamanca, realizando nas dúas cidades un importante labor no movemento estudiantil. Desde 1976 traballa en varias parroquias de Guitiriz, tanto no campo social como cultural. É profesor do IES de Guitiriz. No traballo social temos que salientar a recuperación do Santuario de Nosa Señora de Bascuas, hoxe convertido en Museo de Arte e Cultura Relixiosa Popular. Dirixe as publicacións de Xermolos "Guieiros", Cadernos e Revista Xermolos.

Escribiu en varias publicacións como "Irimia", "Encrucillada", etc. En 1976 funda a Asociación Cultural de Guitiriz, chamada despois "Xermolos", con moitas actividades culturais: Escola de Música Tradicional, Escola de Canteiros, Revista Xermolos, Cadernos de temas etnográficos, Biblioteca Pública Xermolos, etc. Foi o fundador do Festival de Pardiñas (1980), da Feira e Festa da Música e da Arte e dos premios de Guitiriz de Pintura, Escultura e Fotografía. Coordina a Asociación Sociocultural X. M. Díaz Castro e a Fundación Manuel María da Terra Cha.

Recibiu o premio Anxel Fole de Ensaio pola obra Xosé María Castro. A Ascensión dun poeta, o premio IAR de Folclore, o Moncho Valcárcel "pola promoción da Terra" e o Premio Solidariedade 2002, entre outros.

Foi nomeado Fillo Adoptivo de Guitiriz no ano 2018 en recoñecemento ao seu inconmensurable labor de servizo á comunidade.